

Concello de Ortigueira

ACTA MESA DE CONTRATACIÓN

Na Casa do Concello, sendo as catorce horas e trinta e tres minutos do día vinte e sete de xuño do dous mil vinte e tres reúnese a Mesa de Contratación prevista no prego que regula o procedemento aberto, con tramitación urxente, para a adxudicación da concesión dos servizos de hostalería e restauración vinculados ao Festival Internacional do Mundo Celta 2023

ASISTEN:

PRESIDENTE: José Valentín Calvín Fondevila, alcalde

VOGAIS:

- Javier Lopez Mera, secretario xeral do Concello

-Silvia Lamelas Soto, interventora do Concello

-Alberto José Balboa Rodriguez, técnico municipal e director do Festival

SECRETARIA DA MESA: Maria Luisa Sierra Vale, funcionaria do Concello

Polo Presidente declarase constituída a Mesa de Contratación xa que se cumpre co quórum requirido, procedéndose a tratar os asuntos da orde do día:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DIA 13.06.2023:

Non se fan observacións a acta da sesión do día 13 de xuño de 2023 polo que entendese aprobada por unanimidade

2. CUALIFICACIÓN DEFINITIVA DA DOCUMENTACIÓN ECONÓMICA E VALORACIÓN OFERTAS

Pola secretaria informase que de conformidade co acordado pola mesa de contratación o día 13.06.23 requiriuse a licitadora Eventos y Hostaleria Trastoy SL para que no prazo de tres días hábiles, contados dende o envío do requirimento con aviso a dirección de correo electrónico indicado, presenten no Rexistro Xeral do Concello, de xeito telemático, a seguinte documentación

-Lote 1: Anexo II oferta asinado electronicamente, por persoa con poder bastante para a representación legal da entidade, mediante sinatura electrónica realizada cun certificado en vigor, especificando no punto 3ª do Anexo os produtos que se van comercializar na explotación e os prezos dos mesmos

-Lote 3: Anexo II oferta asinado electronicamente, por persoa con poder bastante para a representación legal da entidade, mediante sinatura electrónica realizada cun certificado en vigor, especificando no punto 3ª do Anexo os produtos que se van comercializar na explotación e os prezos dos mesmos

Dito requirimento foi enviado o día 13.06.2023 e consta acuse de recibo pola licitadora na mesma data.

Con data 15/06/2023 e número de rexistro 2023-E-RE-1028 a licitadora Eventos y Hostalería Trastoy achega o Anexo II Oferta Lote 1.- Devandito documento está presentado dentro do prazo concedido ao efecto

No consta que achegase o Anexo II Oferta Lote 3

A Mesa de Contratación, examinado o Anexo II Oferta Lote 1 comproba que está debidamente asinado, que a oferta coincide totalmente co presentado no seu día no sobre ou arquivo electrónico (importe do canon 27.150+IVE mais melloras). No apartado 3º consta os produtos que se pretende comercializar. Os produtos e prezos coinciden co Anexo do prego de prescricións técnicas aínda que



Concello de Ortigueira

non se inclúen todos. Por outra banda fai constar tres produtos cos correspondentes prezos distinto dos fixados na lista do anexo.

Tendo en conta o anterior, a Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Admitir no procedemento aberto, con tramitación urxente, para a adxudicación da concesión dos servizos da hostalería e restauración vinculados ao Festival Internacional do Mundo Celta, para o lote 1 Barras zona de concertos (Alameda) a oferta presentada por Eventos y Hostalería Trastoy SL

Segundo.- Outorgar as proposicións presentadas para o Lote 1 Barras zona de concertos (Alameda) a seguinte puntuación

Licitadora	Canon	Pun. Of	Melloras	Pun Melloras	TOTAL
Eventos y Hostalería Trastoy SL	27.150	90	SI	10	100

Terceiro.- Excluír a oferta presentada por Eventos y Hostelería Trastoy SL para o lote 3: Barras e restauración zona de Morouzos, por non axustarse ao anexo establecido no prego de cláusulas administrativas xa que non fixo constar no seu apartado 3 os produtos que se pretende comercializar cos correspondentes prezos e tampouco deu cumprimento ao requirimento efectuado por esta Mesa de Contratación para que se emendase dita deficiencia

Cuarto.- Admitir no procedemento aberto, con tramitación urxente, para a adxudicación da concesión dos servizos da hostalería e restauración vinculados ao Festival Internacional do Mundo Celta, para o lote 3 Barras e restauración zona de Morouzos a oferta presentada por Grupo Bacoga Galicia SL

Quinto.- Outorgar as proposicións presentadas para o Lote 1 Barras zona de concertos (Alameda) a seguinte puntuación

Licitadora	Canon	Pun. Of	Melloras	Pun Melloras	TOTAL
Grupo Bacoga Galicia SL	6.180,00	90	NON	0	90

Acto seguido comprobouse que

1.- A licitadora Eventos y Hostalería Trastoy SL está inscrita no ROLECE e no Rexistro Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, incorporándose neste acto os correspondentes certificados.

En devanditos certificados constan os seguintes datos:

-Persoa con poder bastante para representación legal da entidade, coincidente coa persoa que asina a oferta económica e demais documentación

-Capacidade de obrar: o obxecto social contempla actividades similares a da concesión que se pretende contratar

-Cumprimento das súas obrigas tributarias coa facenda estatal, autonómica e coa seguridade social. Certificados positivos con data de validez ata o 09/12/2023

-Alta e xustificación de pagamento do IAE, entre outros. no epígrafe 675.0 e ámbito nacional

-Consta que non existen prohibicións vixentes para contratar

2.- A licitadora Grupo Bacoga Galicia SL non consta inscrita no ROLECE ni no Rexistro de Contratistas dea Comunidade Autónoma, polo que non é posible a comprobación de datos

En consecuencia, a Mesa de contratación, de conformidade co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares que regula o procedemento, acorda:





Concello de Ortigueira

1º.- Requerir a licitadora Eventos y Hostaleria Trastoy SL para que no prazo de cinco días hábiles, contados dende o envío do requirimento con aviso a dirección correo electrónico indicado, presente de xeito telemático no rexistro xeral do concello, a seguinte documentación:

-Fianza definitiva por importe de 4.500 euros

-Documentación xustificativa de dispor a solvencia económica e financeira e a solvencia técnica

Sétimo.- Requerir a licitadora Grupo Bacoga Galicia SL, para que no prazo de cinco días hábiles, contados dende o envío do requirimento con aviso a dirección correo electrónico indicado, presente de xeito telemático no rexistro xeral do concello a seguinte documentación:

-Documentación xustificativa da capacidade de obrar (cláusula 21.1.1 do prego de cláusulas administrativas)

-Documentación xustificativa do poder de representación (cláusula 21.1.2 do prego de cláusulas administrativas)

-Documentación xustificativa de non estar incurso en prohibicións para contratar ou incompatibilidades (cláusula 21.1.4 do prego de cláusulas administrativas)

-Documentación xustificativa de cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social (cláusula 21.1.9 do prego de cláusulas administrativas)

- Fianza definitiva por importe de 1.000 euros

--Documentación xustificativa de dispor a solvencia económica e financeira e a solvencia técnica

-Habilitación empresarial: carné de manipulador de alimentos ou similar do persoal encargado da xestión

E non habendo máis asuntos que tratar, o presidente levanta a sesión sendo as quince horas e tres minutos estendéndose a presente acta, do que, como secretaria da Mesa, certifico

